

CONVOCATORIA XORNADAS DE TEATRO DO AMADOR

A Concellería de Cultura, e Normalización e Lingüística, en colaboración cos grupos de teatro afeccionado de Ponteareas pon en marcha unhas xornadas de teatro non profesional denominada **PON-TEATRO** coa finalidade de poñer en valor as artes escénicas e da improvisación, así coma o espírito de colaboración e difusión cultural no noso idioma.

As xornadas rexiranse polos seguintes criterios

1. A participación será aberta a todos os grupos teatrais do Concello e mesmo da comarca nun número máximo de seis grupos.
2. As obras serán representadas en lingua galega
3. As xornadas terán lugar no Auditorio Municipal Reveriano Soutullo durante o mes de outubro coa posibilidade das seguintes datas: sábado 7, sábado 14, domingo 15, sábado 26 e domingo 29
4. Os grupos poderán inscribirse no Departamento de Cultura ata o vindeiro día 17 de setembro, indicando o nome do grupo, título da obra e unha data preferente.
5. En caso de coincidencia nas datas o Departamento resolverá seguindo o criterio de data de inscrición e preferencia aos grupos de Ponteareas. A resolución de admitidos comunicaraselle o vindeiro 18 de setembro
6. A montaxe do atrezzo corre por conta de cada grupo. Deberán avisar con antelación suficiente para reservar a hora de montaxe.
7. Os grupos, se así o decidisen poden sortear un agasallo entre todos os asistentes vendendo boletos cun valor máximo de 2€ cada un. A recaudación acadada repartirase entre todos os grupos participantes.

8. Cada grupo nomeará un representante que visionará todas as obras para valorar as diferentes a do grupo representado cunha puntuación de un a seis puntos nos seguintes apartados:
 - A) Mellor obra
 - B) Mellor atrezzo de escenario
 - C) Mellor vestiario
 - D) Melor actor
 - E) Mellor actriz
 - F) Mellor dirección

9. O Concello repartirá un premio único por unha cuantía máxima de mil euros entre todos os grupos participantes, cun mínimo de 150 euros e un máximo de 200€ por grupo. Tamén concederá unha figura ou bandeiriña aos seleccionados no apartado anterior.

Ponteareas, 7 de setembro de 2017.

Hortensia Bautista Fernández

Concelleira de Cultura, Turismo, Lecer e Normalización Lingüística